

UNIDADE DIDÁCTICA

ES TI QUE CANTAS



ESTIQUERCANTAS.GAL

María López Sánchez

ÍNDICE

- 1 Presentación e xustificación da unidade
- 2 Alumnado destinatario
- 3 Temporalización
- 4 Obxectivos xerais e específicos
- 5 Contribución ás competencias clave
- 6 Metodoloxía
- 7 Contidos: materiais para o traballo na aula
- 8 Rúbrica de avaliación
- 9 Créditos da unidade didáctica

1

**PRESENTACIÓN E
XUSTIFICACIÓN DA
UNIDADE**

A importancia da figura e a obra de Rosalía de Castro xustifica un tratamento especial nas aulas que vaia máis aló dos habituais contidos expositivos dos libros de texto. O actual enfoque curricular prioriza o achegamento vivencial á literatura, pon o foco nunha educación literaria aberta á creación do alumnado e apunta ao desenvolvemento da competencia en conciencia e expresións culturais. A unidade que aquí presentamos propón unha viaxe ao universo de Rosalía que culmina nunha actividade final integradora, de carácter creativo e que se apoia no factor motivacional engadido da participación nun concurso de creación de vídeos que poidan ser compartidos nas redes sociais. Deste xeito, enmárcase na metodoloxía do traballo por proxectos ou tarefas, unha metodoloxía activa que facilita a implicación do alumnado, que lle outorga un papel protagonista e contribúe ao desenvolvemento das competencias.

A nosa unidade parte dunha aproximación a Rosalía como artista global, engadíndolle á súa dimensión poética o seu talento musical e dramático. Para facelo, empregamos un fragmento de “Ignotus”, o último capítulo de *Los precursores*, de Murguía, que presentamos traducido ao galego. Isto supón un achegamento á Rosalía música, á vez que mergullamos o alumnado no contexto da fame de 1853 e o cólera de 1854, con importantes conexións emocionais coa actualidade. Rosalía, coma sempre, posiciónase neste asunto ao carón das persoas máis desfavorecidas. Con este enfoque, queremos introducir unha dimensión interartística que é consubstancial a este proxecto; nos seus vídeos pretendemos fundir poesía, imaxe e música e favorecer que cada rapaz e rapaza afonde na súa dimensión máis artística, no xeito en que esta se manifeste.

O seguinte chanzo da nosa viaxe lévanos aos grandes temas da poesía universal da man dos versos de Rosalía. A natureza, o amor, a temática existencial, os elementos cívicos e sociais e a metapoesía poñen de manifesto a universalidade da autora e dan conta do seu carácter de poeta fundacional e fundamente galega ao tempo que universal. Por outra banda, este amplo e diverso tratamento temático constitúe unha invitación ao alumnado para que escolla aquel tema que atope nel mesmo unha caixa de resonancia, aquel co que se identifique para, logo, a partir del, na fase final, poder empregar os audios nos que toman nova voz os versos de Rosalía e crear os seus vídeopoemas, as súas creacións artísticas e interartísticas.

2

**ALUMNADO
DESTINATARIO**



O noso enfoque fai doado adaptar e implementar a unidade nos distintos niveis. A presenza do protagonista neno en “Ignotus” resultará, sen dúbida, motivadora nos primeiros cursos da ESO. O misterio sobre o destino deste neno pobre e esfarrapado, dotado dun talento case máxico, ten notas dickensianas e espertará o interese e as emocións nesas idades dos 12 ou 13 anos, aínda próximas á do propio personaxe. Ademais, o achegamento por temas á poesía permite unha aplicación moi directa en 1º e 2º da ESO, cursos nos que o tratamento da literatura non ten aínda o enfoque historiográfico que adquire despois. A nosa aposta consiste en aproximármonos ao xénero poético a partir das distintas vertentes dos versos de Rosalía escollidos no material para traballo na aula.

3º da ESO é, tamén, un curso óptimo para a implementación da unidade, tendo en conta, ademais, que o marco curricular é explícito, xa que neste curso abórdase o estudo do Rexurdimento e, como non podería ser doutro xeito, o da figura e obra de Rosalía de Castro, ao que se suman os outros aspectos comúns da concepción da educación literaria desde a lectura e a creación. A nosa unidade contribúe, así, a evitarmos un dos perigos do enfoque historiográfico, o de caer nun estudo pasivo dos grandes fitos da literatura. Á vez que afondamos na figura de Rosalía e na súa significación na nosa historia literaria e como pobo, faise un convite á creación e á revitalización da nosa tradición literaria e a entrar con ela nun diálogo intertextual.

Tamén en 1º de BAC hai un marco curricular idóneo no tocante aos contidos, por incorporar o Rexurdimento.

É xustamente o aspecto creativo, interartístico e de emprego das TIC o que debe salientarse na súa implementación no 4º curso da ESO. Malia que o período literario que é obxecto de estudo específico neste curso comeza nas Irmandades da Fala, a dimensión creativa do proxecto, a vontade de poñer a Rosalía en diálogo coa actualidade e cos novos discursos e estéticas e a súa fonda pegada nos poetas do século XX permiten que nun mes rosaliano por excelencia, como é febreiro, se afonde con este alumnado na figura clave da literatura galega.

3

TEMPORALIZACIÓN

Os materiais para o traballo na aula e as actividades iniciais, preparatorias da actividade integradora final para a participación no concurso, son flexibles na súa formulación e a súa temporalización depende do xeito concreto no que se decida realizar as actividades.

Propoñemos unha primeira sesión centrada na presentación de Rosalía como artista global e no traballo co texto de “Ignotus”; unha segunda sesión na que, por grupos, se desenvolvan as actividades de procura e indagación guiada e a posta en común final para o grupo-clase; a revisión dos grandes temas da poesía e a lectura colectiva e a audición dos poemas que os ilustran, así como o intercambio co alumnado sobre estes temas e a súa presenza, por exemplo, na música actual poden desenvolverse noutras dúas sesións; e, finalmente, as actividades formuladas a partir dos temas poden desenvolverse, se se reparten en grupos, nunha única sesión.

Ficaría aínda unha última sexta sesión (dun conxunto de dúas semanas) para podermos acompañar o inicio do proceso de elaboración dos vídeos, unha atención á que se lle poderá dar a continuidade que se considere oportuna en sesións posteriores ou en espazos curriculares diferentes (recreos, titorías etc.), aproveitando espazos posibles para gravación (patio do centro, salón de actos, aulas de informática, estudio de gravación, se se conta con este recurso etc.).

4

**OBXECTIVOS
XERAIS E
ESPECÍFICOS**



Esta unidade contribúe a varios dos obxectivos xerais da ESO e o bacharelato, particularmente aos que atinxen á valoración do respecto das diferenzas de sexos e igualdade de dereitos e oportunidades, o rexeitamento da discriminación por calquera circunstancia persoal ou social, o fortalecemento das capacidades afectivas, a comprensión e expresión oral e escrita en lingua galega, o coñecemento, valoración e respecto polos aspectos básicos da nosa cultura e historia e das persoas que fixeron achegas importantes a ela e a apreciación da creación artística e a comprensión da linguaxe das súas manifestacións. Contribúe ademais, dun xeito moi especial, ao obxectivo vencellado ao coñecemento e valoración dos aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia e á participación na súa conservación e mellora.

Queremos salientar, así mesmo, os seguintes obxectivos específicos:

- Afondar na figura de Rosalía de Castro.
- Tomar conciencia da contribución das figuras clave do Rexurdimento á nosa historia e identidade.
- Conectar de modo emocional e próximo co contexto e a vida de Rosalía de Castro.
- Achegarse á literatura a partir dos textos e priorizando a dimensión vivencial e emocional sobre a estritamente técnica ou histórica.
- Coñecer a dimensión universal da poesía, a pervivencia dos temas ao longo do tempo e nas diversas culturas.
- Relacionar a literatura co pensamento filosófico e coa reivindicación social.
- Promover a creatividade e a combinación de distintas linguaxes artísticas.

5

**CONTRIBUCIÓN
ÁS
COMPETENCIAS
CLAVE**

A presente unidade foi concibida cun enfoque claramente competencial, orientada cara a unha actividade final integradora que se enmarca na metodoloxía do traballo por proxectos ou tarefas. Indicaremos brevemente a súa contribución a cada unha das competencias:

Competencia en comunicación lingüística (CCL): as actividades e tarefas propostas implican un traballo lingüístico completo, que inclúe a recepción oral (audiolibros) e escrita (lectura dos textos), así como postas en común en grupos pequenos e en gran grupo. A competencia en comunicación lingüística é central e será traballada ao longo de toda a unidade.

Competencia en conciencia e expresións culturais (CCEC): o achegamento á produción literaria de Rosalía e a tarefa de creación dun produto interartístico supoñen, novamente, un traballo completo desta competencia, que incide particularmente na dimensión activa da creación, convidando os alumnos e alumnas a que non sexan só receptores da creación artística senón que exploren tamén as súas propias posibilidades de creación e cultiven o seu propio talento.

Competencia dixital (CD): intimamente ligada coa anterior, na tarefa proposta implícase o uso das TIC, tanto na gravación como no proceso de edición dos vídeos. Inténtase, ademais, que ese uso das TIC non sexa só funcional ou pasivo, senón activo e cunha función de produción artística. Deste xeito, trabállanse de xeito integrado as diversas competencias.

Competencias sociais e cívicas (CSC): a propia natureza da poesía de Rosalía conecta coa dimensión social e cívica. Na unidade trátase a poesía cívico-social e explórase esta faceta na obra de Rosalía e na súa propia vida a través de “Ignotus”. A súa dimensión emocional, a súa empatía co sufrimento humano e a adopción dunha actitude crítica fronte a situacións sociais inxustas están na cerna mesma da concepción desta unidade e, de feito, é de esperar que unha parte dos vídeos producidos entronque xustamente con esta temática.

Competencia de aprender a aprender (CAA): a metodoloxía do traballo por proxectos implica a autorregulación, a procura de resolución dos problemas que xorden durante o proceso, a solicitude de axuda cando cómpre e a activación de recursos. Todo isto supón unha importante contribución ao desenvolvemento dunha capacidade para a aprendizaxe autónoma que non invalida o papel de guía e de acompañamento que durante o proceso lle corresponde ao docente.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE): o carácter aberto da proposta e a marxe de decisión que lle corresponde a cada alumno e alumna para o seu proxecto final contribúen ao desenvolvemento das súas propias iniciativas e ao espírito emprendedor. Escolla de tema, de poema, de estética, de significado..., a creatividade cunha marxe ampla de liberdade é un terreo propicio para o desenvolvemento desta competencia.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT): incluso esta competencia, que podería parecer afastada do proxecto aquí presentado, ten tamén o seu espazo na nosa unidade. A través da exploración do tema da natureza en Rosalía conéctase con contidos de ecoloxismo e preservación do medio natural. Apúntase cara a unha visión crítica de Rosalía sobre a desaparición dos bosques autóctonos e a súa concepción da corta de carballos como un “acto sacrílego”. Nas actividades, insírese unha orientada a afondar no coñecemento da nosa flora, a miúdo hoxe tan esquecida. En obradoiros literarios é perceptible que os adolescentes tenden a usar pantónimos como árbore ou flor, mais non adoitan concretar e non poucos deles descoñecen árbores tan nosas como os amieiros, bidueiros ou salgueiros. Ábrese, así, unha liña interdisciplinaria que apunta con claridade a esta competencia.

6

METODOLOGÍA

Esta unidade enmárcase nun enfoque comunicativo e competencial, que lle outorga o protagonismo ao alumnado e aposta polas metodoloxías activas nas que se aprende facendo. Procúrase tamén un achegamento á educación literaria baseado na lectura e análise dos textos, mais evitando os enfoques excesivamente técnicos que ás veces impiden o deleite ou desprezan a reacción emocional que o texto nos suscita, como se só a análise racional e estilística tivese valor.

A arte apela ás nosas emocións e non só á nosa intelixencia e por iso mesmo a tarefa final integradora non é, nesta ocasión, un comentario ou un estudo técnico e analítico, senón unha creación artística na que se pretende que o alumnado explore, libre, a súa propia creatividade e lle dea cabida á súa dimensión máis intuitiva e irracional.

7

**CONTIDOS:
MATERIAIS
PARA O TRABALHO
NA AULA**

INTRODUCCIÓN



Rosalía é a nosa autora fundacional, a base e o centro do canon literario galego. A súa figura segue plenamente vixente e é a escritora á que máis espazo se lle dedica nos libros de texto, a que lles dá nome a un aeroporto e a unha estrela, a máis coñecida aquí e alén das nosas fronteiras. Mais este proxecto, *Es ti que cantas*, non quere repetir o que aparece nos libros; nin sequera pretende poñer a Rosalía no centro, porque o centro somos *nós*, sodes *vós*, es *ti*, o que *ti* fas cos versos de Rosalía, como os traes novamente á vida no século XXI para seguiredes creando.

Xa o ilustre Ricardo Carvalho Calero, no seu discurso de ingreso na Real Academia Galega, pronunciado o 17 de maio de 1958, afirmou, ao se ocupar do estudo das fontes literarias de Rosalía: “Nunca é infrutuoso o labor sobre os textos rosalianos. E menos para os galegos. Estudar a Rosalía é estudarnos a nós mesmos” (Carvalho Calero 1959: 14). O que aquí pretendemos é xustamente iso: que os mozos e as mozas de hoxe se apropien dos versos de Rosalía, con nova voz, para falaren de si mesmos, que estes versos se hibriden e transformen en novos medios e soportes e que siga soando a voz de Rosalía para darnos a coñecer e expresarnos a nós, hoxe.

Carvalho Calero buscou referentes para Rosalía na poesía europea e universal; falou dunha Rosalía-Espronceda, unha Rosalía-Petöfi, unha Rosalía-Heine e unha Rosalía-Hölderlin. Porque, como todos os escritores, Rosalía tivo fontes e afinidades e, por suposto, unha voz propia, universal e inesquecible. Por iso nós tamén queremos fundir o noso nome co dela, a nosa creatividade coa súa; tomar os seus versos e poñerlles voz, dotalos de imaxe e seguir explorando os camiños da creatividade.

Rosalía naceu na Galicia do século XIX, unha Galicia moi diferente da nosa, un pobo que sufriu a fame de 1853 e as tensións políticas dun tempo convulso no que chegaron as desamortizacións e a maxia do ferrocarril... E, nese contexto, foi ávida e curiosa, desexosa de aprender e de mudar as cousas e de participar nas actividades do Liceo de la Juventud e formar parte da mocidade que se implicou no Banquete de Conxo. Mais aínda tivo tempo de desenvolver o seu talento musical, de achegarse á actuación e de converterse na nosa máis grande escritora.

Cando unha voz lles volve prestar a súa vibración aos versos de Rosalía, algo fresco segue abrollando deles. Malia que dixo non cantarlles ás pombas e ás flores, Rosalía cantoulles tamén, e á paisaxe e ás súas xentes, fundindo a súa voz coa voz do pobo, cantándolle á humilde flor ventureira e facendo do pequeno algo grandioso, poetizando o que fora desprezado con plena conciencia da súa grandeza e do seu valor. Os versos de Rosalía agroman indómitos, abraiantes, nunha lingua que outros non crían capaz de chegar tan alto; falan do profundo e do pequeno, do que emociona e do que fere; érguense bravos e insubmisos; toman a xustiza pola man e non fican en silencio.

Rosalía invocou a musa da novidade, levou a lingua do pobo a lingua poética, afondou no esgazamento do ser humano e clamou contra as inxustizas. Mais non puido, na súa época, dicir todo canto quería. Algúns textos seus ficaron perdidos porque a súa publicación foi paralizada e, pouco antes de morrer, ordenou destruír outros para sempre. Como ela mesma deixou escrito, non lles estaba permitido ás mulleres dicir todo o que sentían e o que sabían. Era ousada, libre (véxase *Lieders*), alegre, como dicía a súa filla Alejandra, cun talento natural para o ritmo e a música; mais tamén triste e profunda, como necesariamente ten que selo quen comprende un tempo e sente as súas inxustizas. Soubo erguer, cos seus versos, a dignidade dun pobo. Debémoslle parte do orgullo do que somos. As súas palabras seguen a vibrar con forza, como saídas do profundo desa carballeira de Conxo na que aínda se sente a súa pegada. Nos seus versos, escóitase unha voz colectiva, a dun pobo que canta e que se transmuta en coro; mais tamén unha voz persoal e íntima, que toca no máis fondo e sensible da alma humana e dos seus sufrimentos, tamén decote compartidos e colectivos: dos que parten, dos que se esgazan, dos que presenten como os asombra unha sombra.

A voz de Rosalía é nosa. Por iso é Rosalía a que canta e tamén nós os que facemos noso o seu cantar. Por iso, agora, cando se escoitan os versos de Rosalía, *es ti que cantas*. Ao longo do mes de febreiro, mes do aniversario do nacemento de Rosalía, celebraremos o concurso **#ESTIQU ECANTAS**. Para participares, convidámoste a facer vídeos breves co teléfono e compartilos nas redes sociais.

Se Rosalía xa lle dá nome a unha estrela, ben merece facerse viral!

ROSALÍA,

UNHA ARTISTA GLOBAL: POESÍA, MÚSICA, TEATRO

Nos últimos anos, a investigación documental sobre Rosalía mudou a visión que tiñamos de varios aspectos da súa vida. A investigadora Victoria Álvarez Ruiz de Ojeda mergullouse nos arquivos e localizou probas que demostran que estaba empadroada coa súa nai, Teresa de Castro, en Padrón arredor dos catro anos, o que racha coa visión tradicional de que a nai se desentendeu dela nos primeiros anos e que estivo ao coidado da familia do pai. Recentemente, outras procuras documentais en arquivos mudaron mesmo a súa data de nacemento (aínda que sempre se veu celebrando o 24 de febreiro, hoxe en día sabemos que o nacemento se produciu realmente a véspera).

Os primeiros anos da súa infancia transcorreron en Padrón; mais cando Rosalía comezou a adolescencia, trasladouse coa nai a Compostela. Quizais a motivación desta mudanza fose xustamente proporcionarlle un ambiente cultural estimulante e maiores opcións de formación, pois parece claro que tivo o apoio de Teresa de Castro nas súas inquiredanzas artísticas. Na vida cultural do Santiago de mediados do século XIX, especialmente para a mocidade, xogou un papel moi destacado o Liceo de la Juventud, unha asociación cultural na que Rosalía participou e na que se realizaba todo tipo de actos: recitais, representacións teatrais, actuacións musicais e tamén

faladoiros e debates sobre arte, cultura e política. Neste ambiente, coñeceu figuras importantes do momento como Eduardo Pondal ou o poeta Aurelio Aguirre, e trabou amizade con elas.

Temos noticia da participación de Rosalía nunha obra de teatro titulada *Rosamunda*, da que saíu aclamada polo público. Mais non cabe dúbida, ademais, de que tiña excelentes dotes musicais, algo que é perceptible na súa poesía, pois foi unha gran renovadora dos ritmos e na cadencia dos seus versos é perceptible ese talento. Imos afondar nesta dimensión a través do relato dunha anécdota, transcrita por Murguía, que nos chega na voz de Rosalía. Aconteceu cando era ela unha mociña compostelá duns 16 anos, nun ano de especial dureza para Galicia que ben merece que lembremos: o ano da fame de 1853. As circunstancias climatolóxicas e a conseguinte destrución das colleitas levaron a que moitos labregos, aguilloados pola fame, abandonasen as súas terras e baixasen en masa ás vilas, tentando conseguir algo que comer. Rosalía testemuñou estes feitos desde a cidade de Santiago de Compostela e fixo unha descrición inesquecible deles, ao tempo que narraba como atopou un neno campesiño que a impresionou co seu talento musical.

Este relato aparece recollido por Manuel Murguía en “Ignotus”, o último capítulo de *Los precursores*. Dalgún xeito, Murguía rendeulle, así, homenaxe á habelencia das clases populares, ao talento perdido e sen recoñecemento da xente do pobo, que tamén conforma a nosa cultura tradicional e que atopou expresión na música, nos cantos e, desde o anonimato (de aí *Ignotus*, descoñecido en latín) se converteu en precursora da nosa cultura. O capítulo ten como dedicatoria A. R. C., unha fórmula sutil e un tanto misteriosa detrás da cal podemos intuír a Rosalía, e recolle o que alguén non nomeado (mais que logo

por intres emprega marcas de xénero feminino) lle referiu no teatro ao falar de cantos talentos se perderán sen teren nin sequera coñecemento da súa propia valía. Xa que este proxecto, Es ti que cantas, é unha chamada á túa propia creatividade, cremos que esta xanela aberta á Galicia de 1853 pode resultarche inspiradora. Imos ver como naquel entón foi un anónimo meniño galego, sacudido pola fame, o que impresionou o ánimo de Rosalía coa forza do seu talento:

Ignotus¹

Vouche contar o que presenciei en Santiago no tristísimo inverno de 1853, ano fatal para Galicia, no que a fame fixo baixar ás nosas cidades, coma verdadeiras hordas de salvaxes, homes que xamais pisaran as rúas dunha vila, mulleres que non coñecían outros horizontes que os que se estendían ante as súas cabanas erguidas na máis afastada soidade: verdadeiros lobos que non abandonan o seu tobo senón nos días das grandes desolacións. Todos os días, novas horas de angustia traían ás nosas prazas e rúas bandas de infelices famentos que de porta en porta ían demandando pan para os seus fillos moribundos, para as súas mulleres exhaustas pola miseria e o duro da estación... Os seus laios chegaban ao máis fondo e conmovían os corazóns máis insensibles. Era unha escena de dor que se renovaba a cada instante, unha ferida que o tempo agrandaba, facía cada vez máis fera e insoportable. Caían polos camiños e nas rúas da cidade. Outros morrían na soidade da súa casa deserta. Hai que telo visto para saber o que era aquela multitude, sempre crecente, sempre esfameada e magra, que, como as ondas do mar, ruxía xordamente, erguendo as mans en xesto de súplica, amosando desesperada as chagas que a cubría. Nin un anaco de pan para sustentarse, nin un farrapo para cubrirse, nin unha esperanza no seu ceo para animarse e aturar o azoute que a decimaba. Repetíase a eterna lección da nosa historia, e as herbas dos campos volvíanlle servir de alimento á xente campesiña. A gran caridade dos seus irmáns non abundaba. Aos que perdoaba a fame, decimábaos a febre; aos que Deus lles daba forzas para resistir non lles deixaba bágoas nos ollos para chorar as diarias aflicións. Non sei como puido resistir o noso país tan supremas dores.

[...] Traxes, costumes, fisonomías, modulación de voz, todo era novo para nós. As montañas de Galicia, ben o sabes, son un deserto a onde non se chega nunca e do cal todo se ignora. Dixéranme que alí

¹ Seleccionamos e traducimos ao galego fragmentos de "Ignotus", último capítulo de *Los precursores*, de Manuel Murguía. A tradución é nosa.

gárdanse en toda a súa pureza os nosos antigos costumes, e créoo: oín entón cantos populares, que daban a coñecer un pobo poeta. Cantos cheos de sensible tenrura, descoñecida entre nós. Oín os seus aires, que música máis en consonancia coa letra! e que máis ben lles dixese aos que saben sentir de que lugares era orixinaria! Flotaba arredor nosa coma o murmurio da tarde, xemía coma o vento que pasa por unha foz: tiña toda a frescura daqueles cumes cubertos de neve, era misteriosamente sinxela, coma os costumes das xentes que as habitaban. Que novos mundos se lles descubriron ás miradas investigadoras que todo o observan, que o miden todo e nada esquecen!...

[...] En tan amargos días atopábame eu na miña casa, onde se reuniran algúns amigos da familia, e falábase entón dos temores que se abrigaban de que unha nova desgraza viñese facer meirande a que estabamos a padecer. Despois da fame, a peste, a súa irmá xemelga, despois delas a emigración.

Sorprendeunos aquel día, cando máis absortos estabamos na conversa, unha música estraña nunca oída. Os sons saían dun instrumento máis descoñecido aínda cá mesma música. Semellaba unha fruta, pero os seus acentos eran máis apagados, non parecían modulados por un ser humano. Escoitamos todos: era aquilo un verdadeiro tesouro de inspiración. Notas arxentinas, caendo coma perlas sobre un escudo de metal sonoro, vibraban, estendíanse, semellaban o vento xemendo entre as pólas, ondas que estoupaban contra as rochas nun lugar arredado, paxaros que cruzaban polo oculto nun bosque non tripado por pé humano. Música ideal, fresca, nova, que tomaba as súas imaxes da natureza, pero dunha natureza virxe e descoñecida para nós. Asomámonos á fiestra, porque os estraños sons viñan da rúa, pero a rúa estaba deserta; miramos as fiestras das casas de en fronte, pero estaban abertas e baleiros os cuartos. Voltamos escoitar e esta vez cremos que a música soaba dentro da nosa propia casa: novas e inútiles investigacións case nos fixeron desistir do empeño en atopar o misterioso modulador de tan sublimes cantos. [...]

A rúa estaba deserta, só un neno farrapento, un aldeanciño a quen ninguén lle facía caso, arrecunchado ao pé da nosa porta, lles tendía unha man sucia aos transeúntes. Non dicía ren, parecían faltarlle a un tempo a vontade e a voz para pedir a esmola, en nome daquel que tanto ama as súas criaturas.

Non sei quen dixo: “Será ese neno?”

Estas palabras sacudiron o meu corazón dunha maneira tal que dixen para min: -“Si, ese é!”

Deixei a sala, baixei correndo e achegueime ao pobre neno e tocándolle o ombreiro pregunteille: -“Que fas aí?”

O pobriño virou a cabeza e miroume cos seus grandes ollos. Xamais esquecerei a expresión de estrañeza e de ansiedade que se

reflectiu na súa ollada. Apenas puido erguerse, e murmurou, mellor dito berrou, algunhas palabras das que só entendín, *pan, nai, Deus*. Santa Trindade en quen o coitado puxera toda a esperanza!

Collino da man e subín con el, máis contento que se acabase de atopar un tesouro. Metino na cociña, fíxenlle tomar algúns alimentos e aquel pobre neno sentiu que a vida volvía animalo.

—De onde es? -pregunteille.

—Da montaña, -respondeu.

—Quen te trouxo aquí, filliño?

—Ninguén! morreu miña nai, que andaba a pedir, e nós viñemos porque na aldea ninguén nos daba.

Despois díxome que tiña un irmán máis pequeno ca el; desafortunados nenos, fillos da miseria, que amargamente mercan as vosas nais o pracer da maternidade!

—Que facías na porta?

—Nada!

—Non pedías?

—Non señora. Púxenme a asubiar como facía na montaña para que nos desen pan. Pero ninguén se achegou a min. Tiña fame e sono e non puiden seguir asubiano: non me daban nada... E os ollos daquel infeliz anegáronse de bágoas. -Tiña medo, lembrábame da miña nai, proseguiu...

Eu non puiden resistir tan sinxela expresión de dor, e chorei tamén. Aquelas palabras, triste queixa dun inocente e dun desamparado, caeron sobre o meu corazón coma pingas de lume.

Presenciei despois escenas conmovedoras, nas que o sufrimento era tan grande que parecía que o corazón ía estoupar en mil anacos, pero ese sufrimento só lle trouxo á miña alma o medo, nunca aquela doce simpatía, aquela santa paixón e vaga tristura que se apoderou da miña alma á vista daquel infeliz. Apenas se os farrapos cubrían as súas carnes queimadas pola intemperie..., mais dixen mal carnes, cando el en realidade non era máis ca un esqueleto, cuberto con algo que o fíxese menos repugnante á vista.

[...] Fíxemoslle asubiar, cousa doada para o inocente, cando ese era o seu oficio. Entón foi cando volvemos escoitar aquela música nunca oída que tanto nos abraiara, aqueles sons docísimos que non pensabamos que puidesen saír de semellantes beizos. Que notas! que ritornellos! que vibracións!, aseguro que non oín xamais cousa semellante. Os aires máis populares do noso país tiñan dobre encanto oíndollos a el. Os das súas montañas eran melodías fresquísimas, que a un corazón sensible levábano, atento, comprimido, anhelante, de aquí para acolá seguindo as ondulacións do canto.

Pero o que máis fondamente nos conmoveu, o que nos fixo sentir algo máis cá paixón que inspiraba aquel pobre aldeanciño, foi cando, esquecendo todo, o sitio e a ocasión, crendo atoparse nas súas

soidades, soñando con elas talvez, tivo un momento de inspiración e deixou oír as ignotas e melancólicas harmonías. Nada había nelas que lembrase outros motivos, era unha música nova, un verdadeiro tesouro de tenrura, de vaguidade, de tristura. Así deberían compor as súas primeiras melodías os primeiros músicos de todos os pobos! que sinxeleza! Canta poesía naquelas notas soltadas ao chou, por aquel paxaro errante que unha vez fóra do niño soña con el e deixa saír o seu salouco, a súa pregaria, o seu cántico de amor, para que o ser humano non o esqueza xamais.

—Estas son cousas que eu fago! respondeulles con sinxeleza aos que, pamos de oílo, lle preguntaban quen lle ensinara todo aquilo. Así debeu responder Zurbarán, cando era pastor, aos que lle fixeron a mesma pregunta ao veren os seus debuxos.

Con todo, estrañáronse da súa resposta, mirando uns para os outros, coma quen pide permiso para crer nas palabras daquel neno [...].

—Será un inspirado, díxenme, víronse tantos que comezaron deste xeito!

E para asegurarse separeime da súa beira e collendo unha guitarra inglesa que tiña ao lado preludei a fermosísima barcarola da Estranxeira. Naquel instrumento máis sonoro cá nosa guitarra, as notas parecían vibrar sobre a auga adquirindo así dobre flexión e polo tanto maior harmonía e engado. Ao escoitar as primeiras notas, o salvaxe rapaz estremeceu como abraiado, procurando coa vista ao que tocaba, e vendo que era eu púxose espelido á miña beira, sen que o detivese o receo do sitio e das xentes entre as que se atopaba. Escoitaba atento e, con visible emoción, mirábame cos seus grandes ollos, e parecía dicir algo para si mesmo, caéndolle as bágoas unha a unha, ao longo das súas descarnadas meixelas.

Ah!, suspirei entón, este neno é un verdadeiro músico! E para convencerme máis puxen sobre o sofá a guitarra e fixénlles sinal a todos para que o deixasen só. [...]

—Virás comer aquí todos os días.

E volveu, pero estou tentada de crer que non tanto na procura de alimento como para oír aquelas estrañas melodías que tanto lle encantaran. Porque entre todas nós, a min era a quen buscaba e prefería. Éme imposible lembrar agora as palabras e súplicas con que me rogaba que tocase, nin a atención con que escoitaba, nin a fidelidade con que gardaba na súa memoria a música que lle faciamos oír; só lembro que, preguntándolle nunha ocasión a quen quería máis de todas nós, contestou sen dubidar que a min. Non fai falla explicar o porqué da súa predilección.

Este texto abre varias vías de indagación. Propoñemos que distribuades en grupos os seguintes temas para que cada un deles, por separado, busque información e se documente sobre o asunto elixido e logo fagades unha posta en común para acadardes unha visión de conxunto:

- 1 Investigade sobre a fame de 1853. Uns anos antes produciuse, en Irlanda, a famosa fame da pataca, que derivou en moitísima emigración cara a América. Tamén a crise e a fame de 1853 provocou unha emigración masiva da poboación galega que acadou cotas altísimas contra finais de século. Estímase que nesa vaga migratoria marchou de Galicia medio millón de galegos. Como ves, Rosalía xa apunta e intúe ese perigo en 1853. Procurade información sobre o fenómeno en Galicia e en Irlanda e analizade semellanzas e diferenzas.
- 2 Ao ano seguinte, 1854, en parte como consecuencia da miseria, houbo un importante episodio de cólera que atacou moi particularmente a cidade da Coruña. Nel xogou un papel sobranceiro outra galega notable do século XIX cunha vida fascinante: Juana de Vega. En 2022 fanse 150 anos da súa morte. Quen foi? Que fixo? Por que hoxe leva o seu nome unha rúa da Coruña? Que relación tivo con Concepción Arenal?
- 3 Na fame de 1853, ademais de decisións políticas e de xestión de recursos que agravaron as súas consecuencias (e que a propia Rosalía denunciou), incidiron dous anos consecutivos de chuvias moi intensas. Hoxe en día, estase a vivir unha crise climática que xera “refuxiados climáticos”, persoas que se ven desprazadas dos

seus territorios e que sofren situacións semellantes ás descritas por “Ignotus”. Na África subsahariana a seca está a xerar un problema alimentario que pon moitos nenos e nenas nunha situación semellante á do neno do relato. Investiga sobre os conceptos de “refuxiado climático” e “crise climática”. Como lles afectaron ás poboacións sucesos climáticos extremos como o furacán Eta ou o ciclón tropical Idai? E a radicalización de fenómenos como a sequía ou a torrencialidade? Consulta a páxina web de ACNUR e da ONU sobre este tema.

- 4 No texto, Rosalía fala da barcarola da *Estranxeira*, que ela mesma lle toca ao neno cunha guitarra inglesa. Fai tamén unha comparación entre a sonoridade de dous tipos de guitarra. Que é unha barcarola? Busca información. Podes atopar a barcarola da *Estranxeira* que lle tocou Rosalía ao neno? Que nos di sobre Rosalía o feito de que tocase unha guitarra inglesa e a apreciación que fai do seu son?

- 5 Temos noticia da participación de Rosalía polo menos en dúas obras teatrais. Nunha delas, en particular, foi moi aclamada; tiña por título *Rosamunda*. Ademais, a narración que acabas de ler recolle o que Rosalía lle tería dito a Murguía cando asistían no teatro á representación do drama *Dalila*. Vemos, pois, outra faceta pouco coñecida de Rosalía, que, ademais de ter afección pola música, tamén gustaba do teatro. Procura información sobre a súa participación nas obras teatrais e localiza o argumento de *Dalila*. Podemos saber cando e onde se representou? Cal podería ser esa representación na que coincidiron Rosalía e Murguía?

E agora unha tarefa para todos e todas que nos mergulla a nós mesmos na creación:

- 6 A presentación que che fixemos de “Ignotus” está inacabada. Trátao como un relato de ficción e dálle unha resolución. Como podería rematar? Como queres que o faga? Escribe un final para o relato. Mais a anécdota aquí relatada non foi de ficción senón que aconteceu de verdade, así que se despois de propor o teu final queres saber como rematou, podes lelo [aquí](#).

ROSALÍA:

UNHA PORTA AOS GRANDES TEMAS DA POESÍA

A universalidade dunha figura como a de Rosalía amósase, entre outras cousas, no feito de que a través da súa obra podémonos achegar a todos os grandes temas da poesía de todos os tempos. Con matices e infinidade de concrecións, podemos sintetizar e agrupar os seus versos arredor de cinco grandes eixos temáticos: a natureza, o amor, a poesía cívico-social, a temática existencial e a metapoesía. Estes temas son transversais, permanecen ao longo do tempo e en moi distintas culturas (evidentemente con nescos e matices propios de cada unha delas) xustamente porque conectan coas grandes inquiredanzas e experiencias do ser humano.

Imos facer, agora, unha viaxe cara aos grandes temas da literatura tomando como punto de partida os versos de Rosalía. A idea consiste en que penses sobre cada un deles desde a túa propia experiencia e que te achegues logo ás vivencias doutros. Escolle os que máis che gusten; aprópiate deles; crea, inspirándote neses versos, os teus, actualízalos, empregando as tecnoloxías que che permiten fundir verso e imaxe e aproximándote a novas formas de arte.

Nesta viaxe acompañarannos os versos de *Cantares gallegos* e *Follas novas*. O 17 de maio de 1863 é unha data inesquecible. Foi o día no que, logo de 300 anos de silencio imposto, o galego que as nosas

xentes mantiveran vivo nos tempos escuros se ergueu de novo, na voz de Rosalía, con ecos da vibración dun pobo. En *Cantares gallegos* están os ritmos e as coplas da nosa música e poesía tradicional, sostidos e elevados na voz poética de quen tiña un sentido innato do ritmo, a capacidade de ir máis aló dos prexuízos da súa época e a ousadía de explorar un territorio ermo para atopar o xeito de pór por escrito unha lingua daquela sen normas nin modelos.

Mais *Cantares gallegos* excede a dimensión popular desde o seu mesmo prólogo, unha magnífica peza argumentativa na que Rosalía se indigna ante o trato recibido por Galicia, proclama a dignidade da nosa terra e as súas xentes e fai da consecución do “respecto e a admiración merecidas por esta infortunada Galicia” o motivo principal para xustificar a escrita do libro. Cada 17 de maio seguimos a celebrar as nosas letras, porque aquel 17 de maio de 1863 foi un limiar, un comezo que seguimos festexando cada vez que escribimos, lemos ou cantamos na nosa lingua.

Follas novas (1880) conéctanos coa Rosalía máis existencial e íntima. Este libro dálle continuidade ás liñas abertas por *Cantares gallegos*, mais abre tamén novos vieiros de expresión poética nos que latexa o persoal e o colectivo, a dor do ser que se sabe mortal e a da colectividade que sofre a emigración. Fúndense, neste poemario, a sombra íntima, ateigada de simbolismo aínda hoxe suxestivo e inesgotado, e a voz social, que clama pola xustiza. Sendo unha obra fondamente galega, érguese ata acadar o universal e como tal foi acollida e estudada alén das nosas fronteiras.

Que o galego se empregase para expresar o máis íntimo, sutil e filosófico non lles gustou aos que querían velo reducido ao folclórico, a aqueles que toleraran a raíz máis popular de *Cantares gallegos*, mais

que se incomodaron por ver que a nosa lingua lingua se elevaba aínda ata un chanzo máis alto. Certamente, Rosalía fixo do galego, en *Follas novas*, unha lingua capaz de expresalo todo: o máis complexo, o máis sublime; a profunda “negra sombra”, a radical forza da “xustiza pola man”.

Iniciamos, pois, a nosa viaxe...



Rosalía de Castro é unha das grandes poetas da paisaxe. Coma William Wordsworth, coma Antonio Machado. O Romanticismo puxo en valor a natureza, vendo nela a negación do social, o reverso da civilización, o espazo no que o individuo podía ser libre e auténtico e deixar de estar apreixado polas normas e construcións da sociedade. Por iso, no Romanticismo xorden prácticas culturais como o alpinismo e revalorízanse espazos que ata entón foran rexeitados por hostís (a montaña, o mar, o deserto). Así, da orofobia, talasofobia e eremofobia pásase a unha singular apreciación dos altos cumes, do tempestuoso océano ou do inmenso deserto. De feito xorde, nesta época, unha nova categoría estética, o “sublime”, que se opón ao que é simplemente belo ou fermoso. As paisaxes sublimes son grandiosas, impactantes, sobrecolledoras.

O prólogo de *Cantares gallegos* recolle a primeira aparición do termo paisaxe en galego e nun texto dunhas catro páxinas aparece ata en catro ocasións. A reivindicación que Rosalía leva a cabo é fundamentalmente paisaxística: a beleza e grandiosidade da nosa paisaxe sustenta un discurso de dignificación que abrangue tamén as xentes que a habitan. Fronte a discursos negativos previos sobre o noso territorio, Rosalía responde indignada e afirma contundente que nas nosas paisaxes “a man do home deixoulle paso á man de Deus”. Busca referentes de asimilación en paisaxes suízas ou italianas que foran enalzadas pola estética romántica e senta, desde o mesmo prólogo, a importancia que a paisaxe vai ter no poemario. Aínda que hoxe nos poida sorprender, efectivamente a idea previa sobre Galicia era maioritariamente negativa e por iso Rosalía recolle con indignación que de Galicia se dixera que era un “cortello inmundo”. Como sinala Miguel Ángel Teijeiro Fuentes (1996: 246), “el antigalleguismo es nota recurrente en la literatura española áurea”. Aínda no século XX, Juan Ramón Jiménez se referirá a Galicia como “mojado manicomio”. Pola contra, sabemos que hoxe en día está fortemente asentada a idea da paisaxe galega como particularmente fermosa e nisto débémolle moito a Rosalía, que iniciou un camiño de autorrepresentación dignificadora das nosas paisaxes, as nosas xentes e a nosa lingua.

Presentámosche a continuación un coñecido soneto de Góngora no que se fai unha descrición negativa de Galicia e as súas xentes, para que logo poidas contrastar esa descrición co que Rosalía di no prólogo de *Cantares gallegos* e co tratamento da paisaxe na súa poesía:

“A Galicia”

Pálido sol en cielo encapotado,
mozas rollizas de anchos culiseos,
tetas de vacas, pernas de correos,
suelo menos barrido que regado;

campo todo de tojos matizado,
berzas gigantes, nabos filisteos,
gallos del Cairo, búcaros pigmeos,
traje tosco y estilo mal limado,

cuestas que llegan a la ardiente esfera
pan de Guinea, techos sahumados,
candelas de resina con tericia.

papas de mijo en concas de madera,
cuevas profundas, ásperos collados,
es lo que llaman reino de Galicia.

A este tipo de visión responde Rosalía con toda a súa obra e xa desde o limiar da primeira, *Cantares gallegos*:

Cantos, bágoas, queixas, sospiros, seráns, romerías, paisaxes, devesas, pinares, soidades, ribeiras, costumes, todo aquilo, en fin, que pola súa forma e colorido é dino de ser cantado, todo o que tuvo un eco, unha voz, un runxido por leve que fose, con tal que chegase a conmoerme, todo esto me atrevín a cantar neste homilde libro pra desir unha vez siquera i anque sea torpemente, ós que sin razón nin coñecemento algún nos despresan, que a nosa terra é dina de alabanzas, e que a nosa lingua non é aquela que bastardean e champurran torpemente nas máis ilustradísimas provincias cunha risa de mofa que, a desir verdade (por máis que esta sea dura), demostra a ñorancia máis crasa i a máis imperdoable inxusticia que pode facer unha provincia a outra provincia irmán por probe que esta sea. Mais he aquí que o máis triste nesta cuestión é a falsidade con que fóra de aquí pintan así ós fillos de Galicia como a Galicia mesma, a quen xeneralmente xuzgan o máis desprezable e feio de España, cando acaso sea o máis hermoso e dino de alabanza.

A beleza da paisaxe galega transita ao longo dos versos dos *Cantares*. Obsérvao no seguintes poema:

Lugar máis hermoso
non houbo na terra
que aquel que eu miraba,
que aquel que me dera.

Lugar máis hermoso
no mundo n'achara
que aquel de Galicia,
Galicia encantada!
Galicia frorida,
cal ela ningunha,
de froles cuberta,
cuberta de espumas,
de espumas que o mare
con pelras gomita,
de froles que nacen
ó pé das fontiñas.
De valles tan fondos,
tan verdes, tan frescos,
que as penas se calman
nomais que con velos;
que os ánxeles neles
dormidos se quedan,
xa en forma de pombas,
xa en forma de niebras.

Con todo, a paisaxe non adoita presentarse como tema único, senón que se funde con algún dos outros grandes temas: o amor, a reflexión existencial... A miúdo unha paisaxe amable serve de marco amoroso ou un elemento da natureza é interpelado como confidente (disto hai numerosas mostras nas cantigas de amigo medievais). A contemplación dun elemento natural pode servir de punto de partida para a reflexión sobre a vida humana, da que derivan, de feito, numerosos símbolos. En Rosalía a paisaxe está ligada a unha reivindicación da dignidade de Galicia e acada, por iso mesmo, unha dimensión cívico-social. Ademais, a nosa escritora denunciou a explotación do territorio e as cortas de carballeiras, que considera un acto sacrílego, e achégase ás ideoloxías ecoloxistas actuais.

A importancia da natureza na obra de Rosalía fixo que recentemente se elaborase un herbario a partir das mencións de plantas, flores e árbores na súa obra. Este herbario foille cedido á Casa Museo Rosalía de Castro, na que está depositado. Hai unha sección dedicada ás rosas, que é a especie máis mencionada no conxunto da obra, ao triplicar en número de mencións a seguinte. Porén, entre as oito especies máis mencionadas, cinco son árbores e dentro delas sobrancea o carballo. O herbario inclúe tamén unha sección especial dedicada ás “herbas do campo florido” e outra ás “herbiñas do camposanto”. Este lugar destacado das flores humildes e ventureiras é moi significativo da sensibilidade especial de Rosalía cara ao aparentemente humilde ao que ela lle sabe dar o valor que merece. Os propios toxos e silveiras teñen, de feito, unha presenza notable que tamén se plasma no herbario. Deixámosche aquí cinco dos 150 pregos que o compoñen e animámoste, cando elabores videopoemas ou recrees dalgún xeito os versos de Rosalía, a empregares imaxes da natureza que ela cantou recorrentemente na súa poesía.



ROSA
Rosa sp.
 Nin as froles do xilmeiro,
 nin a rosa purpurina,
 nin as nozes da montaña,
 nin fulgor da mañanleira
 (Cantares gallegos, 24)



Herbas do campo florido
Malva teniflora L.
 (malva)
 ...toda aquela variedade de
 fibras nascentes y de menudas
 y ténras hojas.....
 (La hija del mar)



Herbiñas do camposanto
Mecleburn retrocillatum L.
 (fálago)
 Adios, adios, que me vou,
 herbiñas do camposanto,
 dende meu pai se enterrou,
 herbiñas que biquei tanto,
 terrida que vos breixu.
 (Cantares gallegos, 15)



TOXO
Ulex europaeus L.
 Non fellos novos; raxualle
 de toxos e silvas só:
 ritas, como as mulleres penadas;
 ferás, como a miña avó.
 (Follas novas, 1. 8)



Carballo

Quercus robur L.

E tamén vexo enloitada
da Arretén a casa nobre,
donde a miña nai foi nada,
cal viudiña abandonada
que cai triste ó pe dun robre



(*Cantares gallegos*, 33)



O amor é, sen dúbida, un dos grandes temas da literatura universal. Case todos os poetas lle cantaron ao amor e hai algúns que son, sobre todo, poetas amorosos, como Safo de Lesbos, a gran poetisa grega do século VII a. C., ou como Catulo na época romana. Na literatura medieval galego-portuguesa o amor é o tema central tanto das cantigas de amor como das de amigo, postas respectivamente na boca dun home ou dunha muller. Hoxe, este tema segue a ser obxecto dunha mancha de cancións e creacións poéticas.

Como vemos, Rosalía permítenos achegarnos ao conxunto dos grandes temas da poesía e, aínda que non é primariamente unha creadora que se centre no amor, tamén cantou o tema nalgunha das súas composicións máis coñecidas e musicalizadas. De feito, aparece xa no segundo dos poemas de *Cantares gallegos*, expresado en voz de muller e visto desde o desengano:

Nasín cando as prantas nasen,
 no mes das froles nasín,
 nunha alborada mainiña,
 nunha alborada de abril.
 5 Por eso me chaman Rosa,
 mais a do triste sorrir,
 con espiñas para todos,
 sin ningunha para ti.
 Desde que te quixen, ingrato,
 10 todo acabou para min,
 que eras ti para min todo:
 miña gloria e meu vivir.
 De que pois te queixas, Mauro?
 De que pois te queixas, di,
 15 cando sabes que morrera
 por te contemplar felís?
 Duro cravo me encravaches
 con ese teu maldesir,
 con ese teu pedir tolo
 20 que non sei que quer de min,
 pois dinche canto dar poden
 avariciosa de ti.
*O meu corasón che mando
 cunha chave para o abrir.*
 25 *Nin eu teño máis que darche,
 nin ti máis que me pedir.*

Máis punxente aínda é o sentimento expresado no décimo cantar, unha das composicións máis coñecidas e musicalizadas de Rosalía:

«Quíxente tanto, meniña,
 tívenche tan grande amor,
 que para min eras lúa,
 branca aurora e craro sol;
 5 augua limpa en fresca fonte,
 rosa do xardín de Dios,
 alentiño do meu peito,
 vida do meu corazón.»
 Así che falín un día
 10 camiño de San Lois,
 todo oprimido de angustia,
 todo ardente de pasión,
 mentras que ti me escoitabas
 depinicando unha frol,
 15 porque eu non vise os teus ollos
 que refrexaban traiciós.
 Dempois que *si* me dixeches,
 en proba de teu amor
 décheme un caraveliño
 20 que gardín no corazón.

Negro caravel maldito,
que me fireu de dolor...!
Mais a pasar polo río,
o caravel afondou...!
25 *Tan bo camiño ti leves
como o caravel levou.*

A poesía amorosa de Rosalía, da que acabamos de ver dúas mostras, ten unha gran forza simbólica. Nestes poemas podemos ver a intensidade expresiva do caravel negro ou o cravo, símbolo este último que retomarán outros poetas. As dúas composicións ilustran, tamén, a expresión do sentimento amoroso posto en boca de muller e de home, como expresión dun sentimento e un sufrimento humano. Mais hai que salientar como na poesía de Rosalía se enxalza a beleza masculina dun xeito inusual. Cómpre termos en conta que, ao longo da historia, houbo un nesgo patriarcal e que, con moi escasas excepcións, os escritores eran homes e a muller quedaba relegada ao papel de musa. Por iso, aínda que poucas cousas foron tan descritas como a beleza feminina, non abundan representacións equivalentes da beleza masculina. Repara na sensorialidade e no erotismo que emana da figura do gaiteiro:

Un repoludo gaiteiro
de pano sedán vestido,
como un príncipe cumprido,
cariñoso e falangueiro,
antre os mozos o pirmeiro
e nas siudades sin par,
tiña costume en cantar
aló pola mañanciña:
*Con esta miña gaitiña
as nenas hei de enganar.*
Sempre pola vila entraba
con aquel de señorío,
sempre con poxante brío
co tambor se acompasaba;
e si na gaita sopraba,
era tan dose soprar,
que ben fixera en cantar
aló pola mañanciña:
Con esta miña gaitiña

20 *as nenas hei de enganar.*
Todas por el reloucaban,
todas por el se morrían,
si o tiñan cerca, sorrían,
si o tiñan lonxe, choraban.

Malpecado! Non coidaban
que c'aquel seu frolea
tiña costume en cantar
aló pola mañanciña:

Con esta miña gaitiña
as nenas hei de enganar.
Camiño da romería,
debaixo dunha figueira,
canta meniña solteira
«Quérote», lle repetía...!

I el ca gaita respondía
por a todas emboucar,
pois ben fixera en cantar
aló pola mañanciña:

Con esta miña gaitiña
as nenas hei de enganar.
Elas louquiñas bailaban
e por xunta del corrían,
cegas..., cegas, que non vían
as espiñas que as cercaban;

probes palomas, buscaban
a luz que as iba queimar,
pois que el soupera cantar
aló pola mañanciña:

Ó son da miña gaitiña
as nenas hei de enganar.
Nas festas, canto contento!
Canta risa nas fiadas!
Todas, todas, namoradas,
déranlle o seu pensamento;

i el que de amores sedento
quixo a todas enganar,
cando as veu dimpois chorar
cantaba nas mañanciñas:

Non sean elas toliñas
non veñan ó meu tocar.

Neste tratamento erotizado da figura do gaiteiro entronca Rosalía coa tradición popular, pois hai mostras de pezas populares cun ton semellante; mais, pola contra, na poesía culta de autoría é infrecuente antes de Rosalía un achegamento tan físico e ponderativo ao atractivo

masculino. O mesmo atopamos nos seguintes versos do noveno cantar:

Vino unha mañán de orballo,
 á mañecida,
 durmindo ó pé dun carballo,
 enriba da herba mollida.
 Arrimeime paseniño
á súa beira,
 e sospiraba mainiño
 como brisa mareeira.
 E tiña a boca antreaberta,
 como un neno
que mirando o ceu desperta
 deitadiño antre o centeno.
 I as guedellas enrisadas
 lle caían,
 cal ovellas en manadas,
sobre as froliñas que abrían.
 Meu Dios! Quen froliña fora
 das daquelas...!
 Quen as herbas que en tal hora
 o tiñan pretiño delas!
Quen xiada, quen orballo
 que o mollou!
 Quen aquel mesmo carballo
 que cas ponlas o abrigou!
 Mentras que así o contempraba
rebuleu,
 e pensei que me afogaba
 o corazonciño meu.

Tamén en *Follas novas* está presente o amor, especialmente desde a visión da muller que padece a ausencia, como en “Cando era tempo de inverno”:

Cando era tempo de inverno
pensaba en donde estarías;
cando era tempo de sol
pensaba en donde andarías.
Agora... tan soio penso,
meu ben, si me olvidarías!

Nesta obra podemos mesmo atopar referencia a distintos tipos de amor. Fíxate na diferenza entre os “bos amores” e os “amores negros” que se trazan nestes dous poemas:

BOS AMORES

Cal olido de rosas que sai de antre o ramaxen
nunha mañán de maio, hai amores soaves
que n’inda vir se sinten, nin se ve cando entraren
pola mimosa porta que o corazón lles abre
de seu, cal se abre no agosto
a frol ó orballo da tarde.
E sin romor nin queixa, nin choros, nin cantares,
brandos así e saudosos, cal alentar dos ánxeles,
en nós encarnan puros, corren coa nosa sangue
i os ermos reverdecen do espírito onde moraren.
Busca estes amores..., búscalos,
si tes quen chos poida dare;
que estes son soio os que duran
nesta vida de pasaxen.

AMORES CATIVOS

Era delor i era cólera,
era medo i aversión,
era un amor sin medida,
era un castigo de Dios!
Que hai uns negros amores de índole pezoñenta
que privan os espíritos, que turban as concencias,
que morden se acariñan, que cando miran queiman,
que dan dores de rabia, que manchan e que afrentan.
Máis val morrer de friaxen
que quentarse á súa fogueira.

No tratamento do amor en Rosalía podemos percibir un transfondo social, a conciencia que ela tiña da asimetría nas relacións amorosas, nos distintos roles e xuízos sociais sobre o comportamento de homes e mulleres que reflicte e contra o que se manifesta repetidamente. Así, a temática amorosa fusiúnase coa cívico-social. Pois moitos autores antes que Rosalía escribiron sobre o amor sen cuestionaren os seus fundamentos sociais e o papel outorgado a mulleres e homes; mais

ela, como en tantas outras cuestións, manifesta unha gran lucidez e, ao tempo que reflicte os patróns e comportamentos do seu tempo (véxase o deleite no engano do gaiteiro), tamén os critica con contundencia.

O tema amoroso admite infinidade de matices: a ilusión e exaltación do namoramento, a expresión da admiración, paixón ou tenrura cara á persoa amada, o sufrimento do desexo frustrado, da non correspondencia, da ausencia ou abandono. Ao longo da literatura prima a expresión do sufrimento amoroso, derivado do desamor ou da frustración do desexo. Isto é o que domina, tamén, en Rosalía, mais é unha constante da historia da literatura. A non consumación do amor nas cantigas medievais, o sufrimento do anhelado imposible no petrarquismo... No tema do amor parece corroborarse o que afirmou o poeta Antonio Machado: que se canta o que se perde (ou o que non se chega a ter).



A TEMÁTICA EXISTENCIAL

O sentido da vida e a conciencia da morte, o paso do tempo, a saudade por aquilo que quedou atrás, as interrogacións polo que agarda no futuro, ou o temor de pensar que nada agarda son temas universais. Todos os pobos crearon mitos explicativos para apreixaren o mundo e as súas interrogantes. E esta dimensión fundamente humana está presente, de xeito transversal, nas diversas culturas e, a través do tempo, na arte e moi particularmente na poesía. Tópicos literarios como os coñecidos *tempus fugit*, *homo viator*, *vita flumen*, o poder igualador da morte ou o paraíso perdido da infancia son algúns exemplos de temas recoñecibles xa, por recorrentes, que teñen unha clara natureza existencial. A Rosalía-Hölderlin da que falou Carvalho Calero é xustamente a Rosalía máis filosófica, a que fai que Rosalía, ao tempo que é fundamente galega e a nosa escritora fundacional, sexa asemade unha autora universal, que interesa e se estuda alén das nosas fronteiras.

Así, se a poesía ten unha conexión íntima coa música, tamén en ocasións se achega á filosofía (hai, de feito, filósofos que empregan o aforismo ou formas claramente simbólicas e poéticas para dar forma ao seu pensamento). A “Negra sombra” é un dos símbolos existenciais que emanan da poesía de Rosalía. Aparece neste poema, para o que Xoán Montes compuxo unha marabillosa música. A confluencia entre a poesía de Rosalía de Castro e a música deste compositor ten unhas resonancias emocionais para nós, como galegos, que o manteñen ben preto do noso propio himno:

Cando penso que te fuches,
negra sombra que me asombras,
ó pe dos meus cabezales
tornas facéndome mofa.
5 Cando maxino que es ida
no mesmo sol te me amostras,
i eres a estrela que brila
i eres o vento que zoa.
Si cantan, es ti que cantas;
10 si choran, es ti que choras;
i es o marmurio do río
i es a noite i es a aurora.
En todo estás e ti es todo,
pra min i en min mesma moras,
15 nin me abandonarás nunca,
sombra que sempre me asombras.

Durante moito tempo, nunha liña de análise de raíz psicanalítica, díxose que Rosalía padecía a “síndrome de Polícrates”, caracterizada por un temor exacerbado a ser feliz debido ao medo a que toda felicidade sexa despois compensada por un contrapunto de sufrimento e desgraza. De feito, a fondura existencial da poesía de Rosalía derivou na construción dunha visión da autora como radicalmente pesimista e entristecida que ocultaba esoutra faceta

dela esencialmente vitalista, musical e vibrante. A petición da súa filla Alejandra de que lembrásemos que era alegre responde, sen dúbida, a que esa imaxe chorona que se construíu dela non se correspondía coa realidade que puideron vivir de preto as persoas que a coñeceron. Leducia e tristura, comedia e traxedia, riso e pranto son dúas caras indisociables da vida humana e Rosalía soubo acollelas. Nos seguintes versos, podemos ver unha expresión pura de temor cara a algo tan inconcreto e intanxible como a negra sombra:

Que pasa ó redor de min?
Que me pasa que eu non sei?
Teño medo dunha cousa
que vive e que non se ve.
Teño medo á desgracia traidora
que vén e que nunca se sabe onde vén.



A literatura, como ocorre coa arte en xeral, non é só unha actividade estética, senón que se relaciona intimamente co que sucede na sociedade. A autora inglesa Anna L. Barbauld incluíu na súa antoloxía da literatura inglesa a seguinte cita: “Déixame facer as baladas dunha nación e non me importa quen faga as leis”. Se pensamos nestas palabras como galegos e galegas vemos que, en certo modo, a poesía de Rosalía tivo consecuencias políticas moi importantes e o feito de que hoxe poidamos estudar en galego ou empregalo en calquera ámbito na vida de Galicia é, en parte, consecuencia do traballo feito, desde a literatura, polas mulleres e homes do Rexurdimento, da época das Irmandades ou da Xeración Nós.

A palabra poética non só é canto fermoso á natureza ou ao amor; tamén é berro esgazado, protesta, reivindicación de xustiza. A palabra lúcida que permite comprendermos o mundo e a que reclama mudanzas para facelo mellor. Formas poéticas actuais, como o *hip-hop* ou o *rap* (*rap* procede de ‘rythm and poetry’) poñen no primeiro plano esta faceta da poesía. Rosalía é reivindicativa, afouta e moi sensible fronte ao sufrimento humano, como xa puxo de manifesto “Ignotus”. Entre as causas sociais coas que se implicou podemos destacar a cuestión de xénero, a denuncia do maltrato recibido por Galicia (con consecuencias como a emigración ou destrución das nosas fragas) ou as inxustizas de clase que derivan en sufrimento e exclusión. Nos versos de Rosalía estes temas van adquirindo matices, mais en todos eles late, con forza, unha voz poética sensible ao sufrimento humano que une o social e o existencial e que é quen de se converter na voz dos colectivos excluídos e silenciados. Así, Rosalía emprega o galego (e iso xa é, de seu, unha reivindicación), fala como muller, como galega e mesmo desde a posición da persoa emigrante que ten que abandonar a terra ou da muller ferida e desposuída que toma “a xustiza pola man”.

Comezando pola cuestión de xénero, pódese afirmar que Rosalía foi unha figura clave do feminismo do século XIX. Do conxunto da súa obra despréndese unha crítica á educación das nenas na súa época e a reivindicación do seu dereito a exercer un traballo (*El caballero de las botas azules*). No prólogo desta novela aparece unha musa da novidade que vén sendo un ser andróxino que anuncia un tempo, unha estética e unha literatura novas e que é, en si mesma, unha *nova muller*. Tamén a presión social que sofren as mulleres e as asimetrías nas relacións foron obxecto da súa escrita, moi particularmente en *Flavio* (1861).

A solidariedade coas mulleres, emigrantes, débiles e persoas marxinadas, a súa conciencia da inxustiza cometida con Galicia e o galego e o feito de aliñarse con estes seres e discursos subalternos fai de Rosalía unha figura clave do compromiso cívico, que necesariamente tiña que trasladarse e atopar canle de expresión na súa poesía. Aínda que son moitísimos os poemas de *Cantares gallegos* e *Follas novas* que poderían exemplificar esta faceta da produción de Rosalía (e convidámoste a exploralos a través da lectura, a escoita dos audiolibros e as numerosas musicalizacións a partir dos poemas de Rosalía), imos centrarnos nun de especial forza reivindicativa:

A XUSTICIA POLA MAN

Aqués que ten fama de honrados na vila
roubáronme tanta brancura que eu tiña,
botáronme estrume nas galas dun día,
a roupa de cote puñéronma en tiras.
Nin pedra deixaron en donde eu vivira;
sin lar, sin abrigo, morei nas curtiñas;
ó raso cas lebres dormín nas campías.
Meus fillos..., meus anxos...!, que tanto eu quería,
morreron, morreron, ca fame que tiñan!
Quedei deshonrada, mucháronme a vida,
fixéronme un leito de toxos e silvas
i en tanto os raposos de sangue maldita
tranquilos nun leito de rosas dormían.
— Salvádeme, ou xueces!., berrei... Tolería!
De min se mofaron, vendeume a xusticia.
— Bon Dios, axudaime, berrei, berrei inda...
Tan alto que estaba, bon Dios non me oíra.
Estonces, cal loba doente ou ferida,
dun salto con rabia pillei a fouciña.
Rondei paseniño... Ne as herbas sentían!
I a lúa escondíase i a fera dormía
cos seus compañeiros en cama mullida.
Mireinos con calma i as mans estendidas,
dun golpe, dun soio!, deixeiños sin vida.
I ó lado contenta senteime das vítimas,
tranquila, esperando pola alba do día.
I estonces..., estonces cumpreuse a xusticia:
eu, neles; i as leises, na man que os ferira.



A METAPOESÍA



En comparación cos séculos precedentes, pódese dicir que o século XIX é o momento decisivo para a incorporación da muller á literatura. Rosalía viviu este proceso con consciencia e expresou reiteradamente a súa admiración por outras escritoras, como George Sand. En “Las literatas” (1865) falou abertamente das dificultades que tiñan as mulleres que se querían dedicar a unha vocación literaria ou artística. Moitas das mulleres protagonistas da obra de Rosalía aparecen definidas como “poetas”, definición que implica un xeito de estar no mundo caracterizado pola sensibilidade, e cada un dos capítulos de *La hija del mar* (1859) comeza cunha cita (Van der Welde, Ossian, George Sand, Zorrilla, Soulié, Lord Byron...).

Os propios títulos dos poemarios galegos teñen un carácter metaliterario, pois *Cantares* e *Follas* son unha forma de autodesignación. Mais, por outra banda, esta refórzase desde dentro das propias obras. No caso de *Cantares*, pódese dicir que ten unha estrutura circular, enmarcada por dous poemas de natureza claramente metaliteraria nos que a “meniña gaitreira”, Rosa, alude ao seu propio acto de cantar. Xa vimos o poema inaugural; imos ver agora o que pecha a obra circularmente ao volver sobre o acto da creación, visto agora en pasado e desde o tópico da modestia:

Eu cantar, cantar, cantei,
a grasia non era moita,
 que nunca (delo me pesa)
 fun eu meniña grasirosa.

Cantei como mal sabía
 dándolle reviravoltas,
 cal fan aqués que non saben
 directamente unha cousa.
 Pero dempois paseniño,
 i un pouco máis alto agora,
 fun botando as miñas cántigas
 como quen non quer a cousa.
 Eu ben quixera, é verdade,
 que máis boniteiras foran;

eu ben quixera que nelas
 bailase o sol cas palomas,
 as brandas auguas ca luz
 i os aires mainos cas rosas;
 que nelas craras se visen

a espuma das verdes ondas,
 do ceu as brancas estrelas,
 da terra as prantas hermosas,
 as niebras de cor sombriso
 que aló nas montañas rolan,
 os berros do triste moucho,
 as campaniñas que dobran,
 a primadera que ríe
 i os paxariños que voan.
 Canta que te canta, mentras
 os corasóns tristes choran.

Esto e inda máis, eu quixera
 desir con lingua grasirosa;
 mais donde a grasia me falta
 o sentimento me sobra,
 anque este tampouco abasta
 para espricar certas cousas,
 que a veces por fóra un canta
 mentras que por dentro un chora.
 Non me espriqueei cal quixera
 pois son de espicansa pouca;
 si grasia en cantar non teño
 o amor da patria me afoga.

Eu cantar, cantar, cantei,
a grasia non era moita.

Mais que faser, desdichada,
 si non nacín máis grasirosa!

Polo que atinxe a *Follas novas*, o título metapoético é obxecto de análise, comentario e reformulación nun dos seus poemas no que se desenvolven unha serie de metáforas do mundo natural, de onde proceden os termos imaxe para un termo real que é a propia poesía, xa non identificada coas follas (co xogo de palabras entre as follas dun libro e as follas naturais), senón cun “ramallo de toxos e silvas”:

Follas novas!, risa dáme
ese nome que levás,
cal si a unha moura ben moura,
branca lle oíse chamar.
Non Follas novas, ramallo
de toxos e silvas sós,
irtas, coma as miñas penas,
feras, coma a miña dor.
Sin olido nin frescura,
bravas magoás e ferís...
Se na gándara brotades,
como non serés así!

Este poema de *Follas novas* é unha clara e explícita autopoética na que Rosalía intenta definir a natureza da súa creación poética. Repara novamente na importancia das metáforas naturais, na imbricación do tema metapoético e o da natureza:

Diredes destes versos, i é verdade,
que tén estrana insólita harmonía,
que neles as ideas brilan pálidas
cal errantes muxicas
que estalan por instantes,
que desaparecen xiña,
que se asomellan á parruma incerta
que voltexa no fondo das cortinas
i ó susurro monótono dos pinos
da beiramar bravía.
Eu direivos tan só que os meus cantares
así san en confuso da alma miña,
como sai das profundas carballeiras,
ó comezar do día,
romor que non se sabe
si é rebuldar das brisas,
si son beixos das frores,

si agrestes, misteriosas harmonías
que neste mundo triste
o camiño do ceu buscan perdidas.

É particularmente interesante esta composición, porque nela non se recorre á tónica da modestia, senón que emana unha conciencia do valor da súa obra, a pesar da súa natureza misteriosa e imprecisa, insólita, suxestiva e evanescente, pola súa asimilación á propia natureza (ou poida que grazas a ela).

Case a totalidade dos poetas fan, nalgunha ocasión, un poema metaliterario no que expresan a súa concepción da poesía ou reflexionan sobre a súa estética. Se un poeta escribe sobre o que o emociona, o que lle gusta ou lle causa desacougo, é normal que a propia creación poética se converta, nalgún momento, en tema da súa propia poesía; de aí que poidamos incluír a metapoesía entre os grandes temas poéticos.

Tras completar esta viaxe polos grandes temas da poesía de todos os tempos, convidámoste a escoller aqueles versos cos que te sintas máis en sintonía, os que máis che apeteza escoitar porque che gustan ou porque conectan coas túas vivencias e emocións presentes. Por suposto, os temas abrázanse, mestúranse, enléanse... pero escoller un fío e ir tirando do nobelo pode ser un bo xeito de comezares. Propómosche, a seguir, unhas actividades sobre os distintos temas da poesía para afondar neles a través de Rosalía e logo culminar esta viaxe participando no concurso Es ti que cantas.



ACTIVIDADES

7 A sociedade galega foi, ata hai relativamente pouco tempo, fundamentalmente agraria e rural. Tiña a súa base económica no sector primario e a maioría da poboación vivía da agricultura e a gandaría. Isto supuña un contacto estreito co medio. Mais, a partir da década dos anos 60 do século XX, produciuse un importante éxodo rural. Iso e o feito de que mesmo os nenos e nenas que seguen vivindo na aldea xa non participan decote de xeito activo nas tarefas do campo propiciaron unha perda acelerada do coñecemento do noso medio, a nosa flora e a nosa fauna. Aquí tes unha grella das especies naturais máis mencionadas por Rosalía na súa obra. Saberías recoñecelas? Busca información sobre o seu hábitat e as súas características:

	<i>Cantares gallegos</i>	<i>Follas novas</i>	<i>En as orillas del sar</i>	<i>La flor</i>	<i>Flavio</i>	<i>La hija del mar</i>	<i>El caballero de las botas azules</i>	<i>Ruinas</i>	Nº total de citas
rosa	27	28	14	6	13	9	17	4	118
carballo	7	11	9		5	1		6	39
piñeiro	11	11	5		6	1		1	35
álamo					13	1	3	5	22
azucena	2	1		1	1	7	4		16
aciñeira			4	1	6		2	1	14
hedra	1	2			5		5		13
castiñeiro	2	2	1		3		2	2	12
lirio	1	3	3			2	2	1	12
millo	7	4			1				12
salgueiro	2				4	4	2		12
viña/parra	4	2			5	1			12
figueira	5	1			3	2			11
silveiras	4	4	1		1	1			11

- 8 Ao referírmonos á presenza do amor nos versos de Rosalía podemos ver dous poemas que falaban dos “bos amores” e dos “amores cativos” ou “amores negros”. Como se podería analizar esta dicotomía hoxe? Que elementos atribuímos a unha boa relación e cales caracterizan esas que hoxe a miúdo se cualifican como tóxicas? Para axudarnos a analizar esta cuestión, animámosvos a ver o vídeo *Pepa e Pepe*, de Carmen Ruiz Repullo, que emprega técnicas de dramatización para ilustrar unha relación tóxica entre adolescentes. Propoñémosvos que subtitledes o vídeo en galego.



9 Probablemente oíches falar dun artista urbano coñecido como Banksy, que, malia a súa fama mundial, mantén oculta a súa identidade. As súas intervencións teñen un claro contido social e subversivo, como a que presenta a dous homes policía bicándose. Na cidade de Lugo hai tamén un artista urbano que se fai chamar O primo de Banksy e que realizou diversas intervencións. Así, no edificio do Vello Cárcere, que foi prisión franquista, debuxou unha parte da obra de Castelao *A derradeira lección do mestre*, da que retirou os nenos que sinalan o cadáver do seu mestre, de tal xeito que o transeúnte que pasa ante o vello cárcere parece ocupar o lugar destes nenos que contemplan a desfeita. Unha das intervencións do primo de Banksy é *Rosalía ollando a súa estrela*. Esta intervención apareceu na praza do Ferrol en Lugo, conmemorando o día das Letras Galegas de 2020. Imos partir desa imaxe de Rosalía ollando ao lonxe e dun artigo de prensa que se publicou coa noticia desta creación. Logo, facede unha nube de palabras cos pensamentos, arelas ou imaxes que podería imaxinar Rosalía a través dese telescopio que lle permitise ollar moi lonxe no espazo e no tempo. Con que utopías soñaría? Que palabras repetidas na súa obra apuntan a aquelas cousas que máis lle gustan?

Rosalía ao lonxe



Este domingo foi un 17 de maio atípico. O primeiro que non puido celebrarse nas rúas ou acudindo ás librarías. En Lugo, deixounos a pegada da intervención do primo de Banksy, que volveu apelar ás nosas consciencias cunha imaxe na praza do Ferrol: Rosalía, en escorzo e provista dun telescopio, enxerga, ao lonxe, esa estrela, a 240 anos luz, que leva o seu nome.

Sendo unha moza de 16 anos, a nosa célebre escritora asistiu á romaría da Barca de Muxía. Alí, ela e Eduarda Pondal contraeron o tifo, o que provocou a morte da segunda. A esta amiga falecida dedicaríalle máis tarde Rosalía "Las literatas. Carta a Eduarda". Ese mesmo ano, 1853, houbo unha

arrepiante fame que, despois de días de chuvias que estragaron as colleitas, provocou que hordas de campesiños baixasen ás cidades en busca de alimento. Ao ano seguinte veu o temible brote de cólera que asolou A Coruña.

A vida humana ten unha escala tan pequena que, cando acontece algo, mesmo sendo esperable, nos colle por sorpresa. Por iso me gusta tanto esa imaxe de Rosalía ollando ao lonxe: porque a coloca como un elo entre o pasado e o futuro, porque apela á necesidade de perspectiva e porque nos convida a nós, espectadores do presente, a termos unha ollada máis ampla.

O telescopio do primo de Banský permítenos mirar as estrelas como o agasallo que o principiño lle fixo ao aviador na súa despedida (en cada estrela, a ledicia do seu riso como un axóuxere) e nós, como o aviador, podemos dicir: Gústame escoitar as estrelas pola noite. É como se escoitase cincocentos millóns de axóuxeres.

A Voz de Galicia, 20 de maio de 2020

E agora imos coa nube de palabras. Emprega algún dos programas que nos permiten xerar nubes. Lembra que, normalmente, cantas máis veces repitas unha palabra na listaxe, máis visible aparecerá na nube resultante por tamaño e realce. Queremos que esta nube reflicta a Rosalía máis existencial, a que conecta coa negra sombra, co pensamento sobre a vida e a morte. Podes mesmo seleccionar algún dos seus poemas e empregalos para xerar a nube. Logo dálle unha forma que consideres axeitada e realiza unha composición onde a nube apareza como a proxección do que Rosalía está a contemplar polo telescopio.

- 10 Para traer a dimensión cívico-social da arte á actualidade, analiza o significado de “Figa”, das Tanxugueiras. Da combinación da música e a letra deriva unha crítica cara á presión social sobre as persoas, particularmente intensa respecto das mulleres. Analiza a simboloxía do lume e as implicacións da caracterización de homes e mulleres no vídeo. Rosalía tamén tratou o tema da tendencia social a criticar e marxinar. Compara “Figa” cos seguintes versos de Rosalía:

Ladraban contra min que camiñaba
casi que sin alento,
sin poder co meu fondo pensamento
i a pezoña mortal que en min levaba.
I a xente que topaba
ollándome á mantenta
do meu dor sin igual i a miña afrenta
traidora se mofaba.
I eso que nada máis que a adiviñaba.
Si a souperan, Dios mío!,
pensei tembrando, contra min volvera
a corrente do río.

- 11 A metapoésía lévanos á poesía sobre a poesía, á canción que fala de cancións ou do acto de cantar, ao cinema sobre o cinema... A canción “Terra” das Tanxugueiras é un bo exemplo disto, como a película *Cinema paradiso* ou *The artist*. Un espello fronte a outro espello é unha boa metáfora do que é a metaficción. As composicións metapoéticas de Rosalía servíronlle para reflexionar sobre o seu proceso de creación, para cualificar os seus propios poemas. Imitando ese xesto reflexivo, escribe un pequeno parágrafo no que reflexiones sobre a túa relación coa arte. Es creativo nalgún eido? Gústache pintar, tocas algún instrumento, escribes ou talvez coidas a elaboración de fotografías ou vídeos que sobes ás redes sociais? Escribe esta reflexión trazando, retrospectivamente, a túa relación con esa forma de produción artística da que te sintas máis próximo.

- 12 E, agora, adiante... Iremos coa nosa tarefa final integradora: colle o móbil e deixa fluír a túa intuición e creatividade. Poida que xa teñas unha idea clara do que queres facer. Ao mellor hai algún poema ou verso de Rosalía que te conmoveu especialmente... E igual xa sabes que imaxe ou que música queres que o acompañe. Se non é así, vai tirando do nobelo... escoita os poemas, déixate inspirar, escolle o tema que sintas máis próximo a ti. Pódeche axudar facer a visita virtual á Casa Museo Rosalía de Castro, xa que os espazos teñen unha gran capacidade para inspirar e transmitir emocións:

<https://museos.xunta.gal/gl/casa-rosalia>

Podes ser ousado/a na combinación de palabra e imaxe. Non só teñen que ser redundantes, tamén poden ser contraditorias, sorprendentes... A creación é o espazo da liberdade.

8

RÚBRICA DE AVALIACIÓN

A unidade baséase en dous grandes grupos de actividades, un a partir do traballo con “Ignotus” e outro que parte da viaxe polos grandes temas da poesía a través dos versos de Rosalía. Así, é posible adaptar a temporalización seleccionando só algunhas das actividades, ou distribuíndoas en grupos. As rúbricas están pensadas para a avaliación das actividades nunha realización en pequenos grupos con postas en común para o grupo-clase, pero son doadamente adaptables a outras formas de traballo na aula. Inclúense rúbricas para cada unha das actividades, se ben, como indicamos, cada docente determinará cales selecciona.

	NIVEL 1 (ata 25 %)	NIVEL 2 (ata 50 %)	NIVEL 3 (ata 75 %)	NIVEL 4 (ata 100 %)
ACTIVIDADE 1	<p>Non amosa interese durante a lectura nin en procurar información sobre o acontecido nos anos 1853 e 1854. A súa actitude é pasiva e non intervéñ na posta en común. A participación no grupo non é colaborativa.</p>	<p>Amosa escaso interese tanto polo relato como por procurar información. A posta en común non consegue transmitirle axeitadamente ao grupo o acontecido nos anos 1853 e 1854.</p>	<p>Participa activamente na lectura, documentación e posta en común. É colaborativo/a no grupo e consegue transmitirle ao grupo o aprendido durante a documentación.</p>	<p>Le o texto con sensibilidade e participando activamente na análise. É colaborativo/a no grupo e manifesta iniciativa na fase de documentación. Consegue transmitir con eficacia comunicativa o aprendido mediante a documentación.</p>
ACTIVIDADE 2	<p>Non amosa interese pola tarefa nin busca activamente información sobre Juana de Vega. Non é colaborativo/a no grupo. Non lle transmite con eficacia a información á clase durante a posta en común.</p>	<p>Amosa escaso interese na tarefa e limítase a buscar Juana de Vega nunha única fonte. A súa colaboración no grupo é escasa e na posta en común non é expresivo/a nin ten eficacia comunicativa.</p>	<p>Amosa interese pola tarefa. Procura información sobre Juana de Vega de xeito activo. É colaborativo/a no grupo e consegue transmitirle o esencial ao conxunto da clase.</p>	<p>Amosa interese e iniciativa pola tarefa e a procura de información sobre Juana de Vega. Dinamiza o grupo e transmítelle con grande eficacia comunicativa á clase o aprendido sobre Juana de Vega.</p>

	NIVEL 1 (ata 25 %)	NIVEL 2 (ata 50 %)	NIVEL 3 (ata 75 %)	NIVEL 4 (ata 100 %)
ACTIVIDADE 3	Non manifesta interese nin sensibilidade cara ao problema das crises climáticas e as persoas refuxiadas. Non entra nas páxinas indicadas de ACNUR e a ONU. Non é colaborativo/a no grupo e non consegue facer unha exposición que lle transmita o tema ao grupo-clase.	Amosa escaso interese e sensibilidade cara ao tema. Entra nas páxinas de ACNUR e a ONU, pero cunha actitude pasiva, sen afondar. A exposición é plana e pouco comunicativa.	Amosa interese e sensibilidade. Consulta as páxinas de ACNUR e a ONU e amosa iniciativa. É colaborativo/a e consegue transmitirles aos compañeiros e compañeiras o aprendido durante a documentación.	Amosa interese, sensibilidade e iniciativa. Consulta as páxinas de ACNUR e a ONU e mesmo información complementaria. É colaborativo e transmite con grande eficacia comunicativa o aprendido durante a fase de documentación.
ACTIVIDADE 4	Non amosa interese pola tarefa nin busca activamente información sobre a guitarra inglesa nin a barcarola da Estranxeira. Non é colaborativo/a no grupo. Non lle transmite con eficacia a información á clase durante a posta en común.	Amosa escaso interese na tarefa e límitase a buscar “guitarra inglesa” e “barcarola da Estranxeira” nunha única fonte. A súa colaboración no grupo é escasa e na posta en común non é expresivo/a nin ten eficacia comunicativa.	Amosa interese pola tarefa. Procura información sobre a guitarra inglesa e a barcarola da Estranxeira de xeito activo. É colaborativo/a no grupo e consegue transmitirle o esencial ao conxunto da clase.	Amosa interese e iniciativa pola tarefa e a procura de información sobre a guitarra inglesa e a barcarola da Estranxeira. Dinamiza o grupo e transmítelle con grande eficacia comunicativa á clase o aprendido sobre Juana de Vega.
ACTIVIDADE 5	Non amosa interese pola tarefa nin busca activamente información sobre Rosamunda nin Dalila. Non é colaborativo/a no grupo. Non lle transmite con eficacia a información á clase durante a posta en común.	Amosa escaso interese na tarefa e límitase a buscar “Rosamunda” e “Dalila” nunha única fonte. A súa colaboración no grupo é escasa e na posta en común non é expresivo/a nin ten eficacia comunicativa.	Amosa interese pola tarefa. Procura información sobre Rosamunda e Dalila. É colaborativo/a no grupo e consegue transmitirle o esencial ao conxunto da clase.	Amosa interese e iniciativa pola tarefa e a procura de información sobre Rosamunda e Dalila. Dinamiza o grupo e transmítelle con grande eficacia comunicativa á clase o aprendido sobre Juana de Vega.

	NIVEL 1 (ata 25 %)	NIVEL 2 (ata 50 %)	NIVEL 3 (ata 75 %)	NIVEL 4 (ata 100 %)
ACTIVIDADE 6	Non amosa interese pola tarefa. Non escribe un final ou fai un extremadamente breve e sen interese. Non le o final de "Ignotus".	Amosa escaso interese pola tarefa. Escribe un final breve, precipitado e sen interese. Non le o final de "Ignotus".	Amosa interese pola tarefa. Escribe un final para "Ignotus" coherente e lingüisticamente correcto. Le o final de "Ignotus".	Amosa interese pola tarefa. Escribe un final para "Ignotus" coherente, lingüisticamente correcto e artisticamente ben resolto. Le o final de "Ignotus" e expresa unha reacción emocional ao narrado.
ACTIVIDADE 7	Non amosa interese pola actividade nin pola flora autóctona galega. Non se molesta en procurar información sobre as especies naturais máis mencionadas por Rosalía nin lles transmite isto aos demais.	Amosa escaso interese pola tarefa. Limitase a buscar en Internet os nomes das flores, árbores e plantas indicadas sen transmitirles axeitadamente a información aos/as compañeiros/as.	Amosa interese pola actividade. Xa coñece as especies sinaladas ou búscas, e apoia a información con imaxes para transmitirllela aos seus compañeiros e compañeiras.	Amosa interese pola actividade e pola flora autóctona galega. Xa coñece as especies ou procura información e apóiaa con imaxes, conseguindo transmitirlle con grande eficacia comunicativa o aprendido ao grupo.
ACTIVIDADE 8	Non amosa interese polo vídeo nin polo tema. Non é colaborativo no grupo e expresa posturas hostís cara aos discursos sobre a igualdade.	Amosa escaso interese polo vídeo e polo tema. Mantén unha actitude tendente a pasiva e pouco participativa. A listaxe que elabora é claramente escasa e só para cubrir o exercicio.	Amosa interese polo vídeo e polo tema. É colaborativo/a e amosa iniciativa á hora de analizar a cuestión das relacións entre homes e mulleres. Fai unha posta en común axeitada.	Amosa interese polo vídeo e polo tema. É colaborativo/a e amosa iniciativa á hora de analizar a cuestión das relacións entre homes e mulleres. Fai unha posta en común expresiva e apelativa.
ACTIVIDADE 9	Non amosa interese pola actividade. Non se molesta en buscar a aplicación para xerar a nube de palabras nin explora o seu funcionamento. Non xera unha nube de palabras.	Amosa escaso interese e iniciativa. Non é autónomo/a na procura e utilización da aplicación para xerar a nube de palabras. Obtén unha nube de palabras de escasas calidades estéticas.	Amosa interese e iniciativa na procura da aplicación e a súa utilización. Produce unha nube de palabras que inclúe conceptos clave da Rosalía máis existencial e que é esteticamente interesante.	Amosa interese e iniciativa na procura da aplicación e a súa utilización. Consegue xerar unha nube de palabras artisticamente interesante e creativa.

	NIVEL 1 (ata 25 %)	NIVEL 2 (ata 50 %)	NIVEL 3 (ata 75 %)	NIVEL 4 (ata 100 %)
ACTIVIDADE 10	Non mantén unha actitude axeitada durante a proxección do vídeo das Tanxugueiras e interrompe. Non realiza a comparación entre a canción e o poema de Rosalía proposto.	Mantén unha actitude pasiva durante a proxección do vídeo das Tanxugueiras. Non ten unha actitude activa de comparación entre a canción e o poema.	Observa con corrección e interese o vídeo. Analiza o sentido da letra e a expresividade das imaxes. Compara o sentido do vídeo co do poema de Rosalía.	Implicase con notable motivación na tarefa. Interpreta con profundidade o sentido do vídeo e do poema e consegue facer entre ambos unha comparación significativa.
ACTIVIDADE 11	Non amosa interese na actividade. Non escribe o texto.	Ten unha actitude pasiva e o texto é extremadamente breve, pouco reflexivo e mal escrito.	Realiza a tarefa con interese. Afonda nas súas experiencias artísticas e produce un texto ben escrito, reflexivo e interesante.	Realiza a tarefa con interese e creatividade. Reflexiona na súa relación coa produción artística e produce un texto ben escrito, reflexivo e que inspira a tarefa final.
ACTIVIDADE 12	Non amosa interese na tarefa. Non explora os audiolibros, non fai a visita virtual á Casa Museo e non realiza o vídeo para participar no concurso.	Amosa escaso interese na tarefa. Realiza o vídeo pero con escasa implicación, como se escollese un poema calquera e buscase o modo máis sinxelo de resolver a tarefa.	Amosa interese e iniciativa na gravación do vídeo. Fai un uso interesante dos audiolibros e dos recursos da Casa Museo e produce un vídeo orixinal para participar no concurso.	Implicase na tarefa con iniciativa e creatividade. Produce un vídeo orixinal, artisticamente interesante, e que entra en diálogo significativo coa obra de Rosalía.

9

CRÉDITOS DA UNIDADE DIDÁCTICA

BIOGRAFÍA DE MARÍA LÓPEZ SÁNDEZ

María López Sánchez (Lugo, 1973) é licenciada en Filoloxía Hispánica, Inglesa e Galego-Portuguesa pola Universidade de Santiago de Compostela. Premio Fin de Carreira da Comunidade Autónoma de Galicia e II Premio Nacional de Terminación de Estudos Universitarios de Filoloxía. Doutora en Teoría da Literatura e Literatura Comparada pola Universidade de Santiago de Compostela coa tese *A descrición topográfica, o seu papel na construción dun imaxinario cultural no discurso literario galego (Cantares gallegos, Arredor de si e o ciclo textual de Tagoen Ata)*.

Recibiu o Premio Ramón Piñeiro de Ensaio 2007 pola obra *Paisaxe e nación: a creación discursiva do territorio* e colaborou en diversos proxectos de investigación sobre a obra en prosa de Rosalía de Castro e a dimensión espacial e emocional desta autora. Xunto con M^a Isabel Fraga Vila elaborou un herbario baseado na obra de Rosalía de Castro, obxecto de exposición no Invernadoiro dos Bonsais do Real Jardín Botánico de Madrid en febreiro-marzo de 2022. O herbario foille cedido á Fundación Casa Museo Rosalía de Castro, onde está depositado.

Irrompeu na narrativa con *A forma das nubes*, Premio Repsol de Narrativa Breve 2012 e publicou posteriormente *O faro escuro*, finalista do Premio de Novela por entregas de La Voz 2014, *A noite da Deusa*, finalista do Premio Raíña Lupa 2019, *Illados. Diario da pandemia*, en colaboración co fotoxornalista Miguel Muñiz e *Movendo os marcos do patriarcado. O pensamento feminista de Emilia Pardo Bazán*, xunto con Marilar Aleixandre.

Exerceu a docencia no ensino secundario e é nestes momento profesora contratada Doutora na área de Didáctica da Lingua e a Literatura da Universidade de Santiago de Compostela.

BIBLIOGRAFÍA

Castro, Rosalía (1863). *Cantares gallegos*. Edición de Anxo Angueira. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2016.

Castro, Rosalía (1880). *Follas novas*. Edición de Anxo Angueira. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2016.

Carvalho Calero, Ricardo (1959). “Contribución ao estudo das fontes literarias de Rosalía” (discurso de ingreso na Academia Galega), en *Sobre lingua e literatura galega*. Vigo: Galaxia, pp. 9-78.

Murguía, Manuel (1886). *Los precursores*. A Coruña: *La Voz de Galicia*, 2004.

Pajares, Miguel (2020). *Refugiados climáticos. Un gran reto del siglo XXI*. Barcelona: Editorial Rayo Verde.

Teijeiro Fuentes, Miguel Ángel (1996). “Galicia y los gallegos en la literatura española del Siglo de Oro”, *Scriptura* nº 11, 203-246.

· FOTOGRAFÍAS HERBARIO

MIGUEL FRAGA VILA

· ILUSTRACIONES

EVA FANDIÑO

**ESTE PROXECTO É
UNHA INICIATIVA DE
REBORDELOS.**

**REALIZOUSE
GRAZAS AO APOIO
DA DEPUTACIÓN DA
CORUÑA, A
SECRETARÍA XERAL
DE POLÍTICA
LINGÜÍSTICA DA
XUNTA DE GALICIA E
A FUNDACIÓN
ROSALÍA DE CASTRO.**

rebordelos

2022

ESTIQUECANTAS.GAL